


<i>Área / Unidad</i> ASISTENCIA SOCIAL AS0000B DAV	<i>Documento</i> 10516I0YB0	CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA O ANO 2023. TRAMITACIÓN ANTICIPADA
<i>Código de verificación</i>  0G49 1N6U 3R71 465O 03F1	<i>Expediente</i> 105/2022/6348	
	<i>Fecha</i> 15-09-2022	

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DO CONCELLO DA CORUÑA. EJERCICIO 2023

I. OBXECTO, FINALIDADE E RÉXIME XURÍDICO

Base 1. Obxecto e finalidade

De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 13/2008, de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, e en aplicación do artigo 23 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, as normas de carácter regulamentario que a desenvolven, así como a Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar, convócanse axudas dirixidas a persoas cunha discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade e lles impida empregar os transportes públicos colectivos para o ano 2023.


Base 2. Finalidade

O obxecto desta convocatoria é conceder axudas para apoiar ás persoas con unha discapacidade recoñecida, mediante resolución (ou documento equivalente), polo organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración competente, que afecte gravemente á súa mobilidade e lle impida empregar os transportes públicos colectivos, coa finalidade de proporcionarlles un servizo alternativo de taxi para os seus desprazamentos.

Base 3. Réxime de concesión e normativa aplicábel

3.1. A concesión destas axudas efectuarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos e de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos, establecidos no artigo 8.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de Xullo (en diante, RXLS). Así mesmo rexerese polas presentes Bases, pola Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello de A Coruña, aprobada polo Pleno en sesión de data 11 de abril de 2005 (BOP núm. 40); pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno; a Instrución de Transparencia do Concello de A Coruña, de data 9 de marzo de 2006, e as demais normas que lle resulten de aplicación.

Co fin de promover, no ámbito local, a igualdade na diversidade e a eliminación de toda discriminación e desigualdade que incida sobre as mulleres e sobre as persoas en xeral, por motivo das diversidades existentes, resúltalle de aplicación a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto Refundido

<i>Área / Unidad</i> ASISTENCIA SOCIAL AS0000B DAV	<i>Documento</i> 10516I0YB0	CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA O ANO 2023. TRAMITACIÓN ANTICIPADA
<i>Código de verificación</i>  0G49 1N6U 3R71 465O 03F1	<i>Expediente</i> 105/2022/6348	
	<i>Fecha</i> 15-09-2022	

das Disposicións Legais da Comunidade Autónoma de Galicia e a Ordenanza do Concello da Coruña para a Igualdade na Diversidade (BOP núm. 204 de 25.10.19).

Non serán aplicábeis as disposicións do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 23 de xuño, de subvencións de Galicia por resultar excluído do seu obxecto, tal e como dispón o artigo 1.3, cuxo tenor literal é o seguinte: “Non serán aplicábeis as disposicións deste regulamento ás entidades locais de Galicia e aos organismos e ás entidades vinculadas ou dependentes delas”.

3.2. A convocatoria estará dispoñible en:

- Na sede electrónica do Concello de A Coruña: <https://sede.coruna.gal/sede/gl>
- Na web municipal de Igualdade, Benestar Social e Participación: <https://www.coruna.gal/serviciosociales/es>
- Na web do Boletín Oficial da provincia de A Coruña: <http://bop.dicoruna.es/bopportal/>
- Na Base de Datos Nacional de Subvencións: <http://www.infosubvenciones.es>.

II. CRÉDITO ORZAMENTARIO

Base 4. Crédito orzamentario

4.1. O crédito total destinado a esta convocatoria é de cento cincuenta e seis mil euros (156.000,00 euros), que se imputarán á aplicación orzamentaria 51.231.480.06, cuxa rúbrica é “bono taxi axudas a persoas con discapacidade para o transporte en taxi”, nas anualidades 2023 e 2024 do seguinte xeito:


Anualidade 2023 (01.01.2023 a 30.11.2023): 126.000,00 euros.

Anualidade 2024 (01.12.2023 a 31.12.2023): 30.000,00 euros.

4.2. Na tramitación anticipada do gasto derivado desta convocatoria específica terase en conta o establecido nas Bases de execución do Orzamento Municipal e na normativa aplicábel a tal efecto.

4.3. Esta convocatoria queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento de resolución da concesión, de conformidade co disposto no art. 56.2 do RGLS e nas Bases de execución do Orzamento municipal.

4.4. Se este crédito se incrementase, como consecuencia dunha modificación orzamentaria ou pola existencia dun maior crédito na aplicación correspondente, poderá aplicarse á concesión de subvencións sen necesidade dunha nova convocatoria, previa tramitación da correspondente resolución, segundo o previsto no art. 58.2 RGLS.

<p>Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 10516I0YB0</p>	<p>CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA O ANO 2023. TRAMITACIÓN ANTICIPADA</p>
<p>Código de verificación</p>  <p>0G49 1N6U 3R71 465O 03F1</p>	<p>Expediente 105/2022/6348</p>	
	<p>Fecha 15-09-2022</p>	

Base 5. Límite máximo da subvención individual

O crédito total da convocatoria dividirase a partes iguais entre todas as persoas solicitantes que reúnan os requisitos establecidos na convocatoria, sen que a contía concedida a cada unha delas individualmente supere o importe de 1.000,00 €.

Base 6. Compatibilidade

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o coste da actividade ou proxecto xustificado pola persoa beneficiaria.

III. REQUISITOS DAS PERSONAS BENEFICIARIAS


Base 7. Requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria

7.1 Poderán ser beneficiarias as persoas con discapacidade recoñecida polo organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración competente, que afecte gravemente á súa mobilidade e lles impida empregar os transportes públicos colectivos. Esta condición debe quedar acreditada no documento administrativo que certifique a discapacidade.

Sen prexuízo da obriga das persoas beneficiarias de reunir os requisitos esixidos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, así como de presentar a documentación pertinente, non poderá ser causa de exclusión a falta de expedición do documento acreditativo no que conste a afectación á mobilidade e uso do transporte público colectivo, sempre que, expedido este, teña data de efectos anterior á finalización do prazo de presentación ordinario de solicitudes. No referente a certificados de discapacidade que non se pronuncien sobre a mobilidade e o uso do transporte público colectivo, a modificación destes deberá ser instada polas persoas interesadas ante o organismo competente para a súa expedición.

7.2 As persoas beneficiarias, ademais dos previstos con carácter xeral no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de 3 anos.
- b) Residir no Concello da Coruña e constar como empadroadado.
- c) Ter recoñecida legalmente a condición de persoa con discapacidade mediante resolución (ou documento equivalente) do organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración competente, na que conste que a discapacidade afecta gravemente á súa mobilidade e lles impide empregar os transportes públicos colectivos.
- d) No caso de que a persoa solicitante se atope en activo, non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo. Nin tampouco ter dereito a este servizo a través de ISFAS, MUFACE ou outra entidade.
- e) Si a persoa é maior de 18 anos, non constar como titular de vehículo.

<p>Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 10516I0YB0</p>	<p>CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA O ANO 2023. TRAMITACIÓN ANTICIPADA</p>
<p>Código de verificación</p>  <p>0G49 1N6U 3R71 465O 03F1</p>	<p>Expediente 105/2022/6348</p>	
	<p>Fecha 15-09-2022</p>	

f) Non dispoñer dunha capacidade económica, calculada conforme ao establecido nestas bases, superior ao 210% do IPREM vixente no ano 2023.

g) Estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello da Coruña.

O Concello da Coruña verificará, cando a persoa interesada o faga constar expresamente na súa solicitude, que esta se atopa ao corrente no pago das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria estatal, coa Seguridade Social e co propio Concello, cando consinta expresamente dita verificación. En caso de que a persoa interesada se opoña expresamente a esta verificación, deberá aportar as certificacións correspondentes.

Estes requisitos deberanse de cumprir con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse ao longo de todo o prazo de execución da actividade subvencionada.

7.3 Segundo o disposto no artigo da Ordenanza Municipal da Coruña para a Igualdade na Diversidade, quedarán excluídas:

- As persoas físicas que foran sancionadas en firme na vía administrativa, laboral ou penal por vulneración do dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo.
- As persoas físicas cuxos fins ou obxectivos, sistema de admisión ou acceso, funcionamento, traxectoria, actuación, organización ou estatutos sexan contrarios ao principio de igualdade entre mulleres e homes na diversidade.
- As persoas físicas que incumpran as obrigas establecidas na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes.

7.4 Composición da unidade de convivencia.


Se considerarán membros computables da unidade de convivencia os seguintes:

- A/o cónxuxe ou parella de feito.
- As fillas e fillos menores de 25 anos, ou maiores de esa idade incapacitados xudicialmente conforme á lexislación anterior á Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, ou respecto dos que se establecesen xudicialmente medidas de apoio atribuídas aos seus proxenitores despois da entrada en vigor desta lei, que convivan no domicilio.
- Os menores en situación de acollemento permanente ou pre adoptivo.

No caso de persoas solicitantes menores de idade ou con idade comprendida entre os 18 e os 25 anos, cando non estean emancipadas (vivenda independente e ingresos inferiores ao SMI), a unidade de convivencia a considerar será a formada polos seus proxenitores ou titores e as restantes fillas e fillos menores de 25 anos, ou maiores de esa idade incapacitados xudicialmente, que convivan no domicilio.

7.5 Cálculo da capacidade económica.

A capacidade económica do solicitante se obterá como resultado do cociente da suma dos ingresos anuais de tódolos membros da unidade de convivencia e o número de membros que a integran.

<p>Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 10516I0YB0</p>	<p>CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA O ANO 2023. TRAMITACIÓN ANTICIPADA</p>
<p>Código de verificación</p>  <p>0G49 1N6U 3R71 465O 03F1</p>	<p>Expediente 105/2022/6348</p>	
	<p>Fecha 15-09-2022</p>	

Para o cálculo dos ingresos anuais de cada un dos membros da unidade de convivencia teranse en conta os rendementos netos do traballo, do capital mobiliario e inmobiliario, de actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais obtidos ao longo do último exercicio fiscal dispoñible.

A efectos do cálculo dos ingresos anuais de cada un dos membros da unidade de convivencia non se terán en consideración as contías das prestacións recollidas no artigo 31 da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, nin aquelas outras establecidas no artigo 27 da lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero ou aquelas outras de natureza análoga establecidas polas comunidades autónomas.

No caso en que a persoa solicitante acredite por calquera medio aceptado en dereito un cambio na situación económica con respecto á do último exercicio fiscal, se terá en consideración a situación actual.

IV. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN: INICIACIÓN

Base 8. Réxime e inicio

8.1 O procedemento de concesión de subvencións obxecto desta convocatoria tramitarse en réxime de concorrencia non competitiva e iniciarse de oficio mediante a devandita convocatoria, efectuada polo órgano competente, cuxo texto completo deberase publicar na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e un extracto do mesmo no Boletín Oficial da Provincia da A Coruña.

8.2 Os actos de trámite ditados neste expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ao ditarse o acordo de autorización do compromiso de gasto, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos ditos actos.

Base 9. Órgano instrutor e órgano competente para a resolución do procedemento


9.1 A instrución do procedemento de concesión corresponde á Xefatura do Servizo de Servizos Sociais, que actuará en calidade de órgano instrutor, tal e como prevé o artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións en relación co artigo 15 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar.

9.2 O órgano competente para resolver esta convocatoria será a Tenenta de Alcaldesa, responsábel da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación, por delegación da Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado o 28.06.2019 (BOP núm. 124; 03.07.2019).

Base 10. Procedemento: Forma, documentación e prazo de presentación de solicitudes

10.1 Presentación de solicitudes de subvención.

A solicitude específica de subvención presentarase na sede electrónica do Concello de A Coruña <https://sede.coruna.gal/sede/gl> no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

<i>Área / Unidad</i> ASISTENCIA SOCIAL AS0000B DAV	<i>Documento</i> 1051610YB0	CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA O ANO 2023. TRAMITACIÓN ANTICIPADA
<i>Código de verificación</i>  0G49 1N6U 3R71 465O 03F1	<i>Expediente</i> 105/2022/6348	
	<i>Fecha</i> 15-09-2022	

Tamén poderán presentarse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de A Coruña ou por calquera dos medios regulados no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

10.2 Documentación que deberá presentarse para solicitar a axuda:

Deberase presentar a solicitude específica debidamente cumprimentada e firmada, con indicación do nome e apelidos da persoa solicitante ou de quen exerza a representación. A tal efecto, deberá utilizar o modelo normalizado de solicitude que se atopa dispoñíbel na sede electrónica municipal.

Na solicitude deberase autorizar expresamente ao Concello da Coruña para realizar as seguintes comprobacións ou, en caso contrario, deberanse presentar os correspondentes documentos acreditativos:


- a) Existencia de resolución ou certificado de discapacidade recoñecida polo organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración competente no que conste que esta afecta gravemente á mobilidade e impide o emprego do transporte público colectivo (solicitante).
- b) Certificado de empadramento (tódolos membros da unidade de convivencia).
- c) Titularidade de prestacións económicas do INSS e/o SEPE-INEM (tódolos membros da unidade de convivencia).
- d) Información tributaria da AEAT, correspondente ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio 2021 de tódolos membros da unidade de convivencia.
- e) Certificación de débedas pendentes de pago coa Seguridade Social, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e o Concello de A Coruña (solicitante).
- f) Certificado da Dirección Xeral de Tráfico de non titularidade de vehículos de tracción mecánica (solicitantes maiores de idade).
- g) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de identificación de estranxeiro da persoa solicitante.

En caso de non autorizarse expresamente a consulta a algún dos apartados contemplados na solicitude específica, as persoas solicitantes deberán presentar a documentación (certificado, declaración, etc.) que acredite o cumprimento do requisito correspondente.

10.3 Aclaracións adicionais sobre a documentación das solicitudes de subvención.

10.3.1 En caso de que os documentos exixidos xa estiveran en poder de calquera órgano do Concello de A Coruña, a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido no artigo 53.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitido, e cando non transcorran máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan, cumprimentando a tal efecto unha declaración segundo o modelo normalizado de solicitude.

10.3.2 No suposto de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirir ao solicitante, ou ao seu representante, a presentación de dito documento ou, no seu

<i>Área / Unidad</i> ASISTENCIA SOCIAL AS0000B DAV	<i>Documento</i> 10516I0YB0	CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA O ANO 2023. TRAMITACIÓN ANTICIPADA
<i>Código de verificación</i>  0G49 1N6U 3R71 465O 03F1	<i>Expediente</i> 105/2022/6348	
	<i>Fecha</i> 15-09-2022	

defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire, con anterioridade a formulación da proposta de resolución.

10.3.3 Os documentos normalizados sinalados como “anexos” nesta convocatoria deberán ser cumprimentados de forma obrigatoria, podendo ser ampliados polas persoas solicitantes aportando a documentación que consideren oportuna para a mellor resolución das súas solicitudes.

10.4 A persoa solicitante autoriza ao Concello da Coruña, e, en particular, á Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación, a levar a cabo cantas comprobacións considere oportunas ao obxecto de verificar ou solicitar novos datos que puideran afectar ás condicións da subvención. Se do resultado de esta comprobación se puxeran de manifesto datos distintos aos manifestados polos usuarios, que deran lugar a concesión de subvencións, adoptaranse as medidas necesarias para corrixir e, no seu caso, reparar o prexuízo causado, con independencia da tramitación, no seu caso, do correspondente procedemento de reintegro, nas condicións previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

V. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN: INSTRUCIÓN

Base 11. Instrución

11.1 A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ao órgano que se indica na Base 9.


11.2 O órgano instrutor realizará, de oficio, cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

11.3 De acordo co establecido no artigo 24.3 da Lei Xeral de Subvencións, as actividades de instrución comprenderán, entre outras, as que se indican a continuación:

- a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan exixidos por esta convocatoria específica e demais normas que regulan esta subvención.
- b) Avaliación do cumprimento dos requisitos establecidos na Base 7.

11.4 Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, error ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá á persoa interesada para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que, se non o fixese, se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.5 Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, se poderá requirir á persoa solicitante que aporte a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.

<p>Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 10516I0YB0</p>	<p>CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA O ANO 2023. TRAMITACIÓN ANTICIPADA</p>
<p>Código de verificación</p>  <p>0G49 1N6U 3R71 465O 03F1</p>	<p>Expediente 105/2022/6348</p>	
	<p>Fecha 15-09-2022</p>	

11.6 Unha vez examinadas as solicitudes, a Mesa de Avaliación emitirá un informe. A continuación, o órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano Colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada.

Base 12. Mesa de avaliación

12.1 As solicitudes de subvención presentadas serán examinadas por unha Mesa de Avaliación, nomeada pola Concelleira responsable da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación para esta finalidade, que estará composta por persoal con capacitación, competencia e preparación adecuadas, con presenza equilibrada de ambos sexos, cunha representación feminina de ao menos un 40% e coa seguinte composición:

- Presidente/a: Unha persoa funcionaria (técnico/a superior ou medio/a) da Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación.
- Vogais: Dúas persoas técnicas da Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación.
- Secretaria/o: Unha persoa funcionaria de carreira da Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación.

12.2 No caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a Mesa de Avaliación, será substituída pola persoa funcionaria designada pola Tenenta de Alcaldesa, responsable da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación.

12.3 As solicitudes presentadas, xunto coa documentación que as acompaña, remitiranse á Mesa para que examine o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria. Unha vez examinadas as solicitudes, a mesa de avaliación deberá emitir un informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada.


12.4 A Mesa de Avaliación, a través do órgano instrutor, poderá requirir ás persoas solicitantes de subvención a información ou documentación aclaratoria que, non estando en poder da administración municipal, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.

Base 13. Proposta de resolución provisional, trámite de alegacións, proposta de resolución definitiva e resolución definitiva das subvencións

13.1 O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano Colexiado, formulará a proposta de resolución provisional que, debidamente motivada, notificarase ás persoas oficialmente, mediante anuncio público, nos seguintes taboleiros e lugares de difusión:

- a) Na páxina web municipal, no seguinte enlace: <https://www.coruna.gal/serviciosociales/es>.
- b) No taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello de A Coruña, no seguinte enlace: <https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>.

Esta publicación terá o carácter de notificación colectiva, aos efectos do previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 24.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

<i>Área / Unidad</i> ASISTENCIA SOCIAL AS0000B DAV	<i>Documento</i> 10516I0YB0	CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA O ANO 2023. TRAMITACIÓN ANTICIPADA
<i>Código de verificación</i>  0G49 1N6U 3R71 465O 03F1	<i>Expediente</i> 105/2022/6348	
	<i>Fecha</i> 15-09-2022	

Tras esta notificación concederáse ás persoas beneficiarias un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polas persoas interesadas.

13.2 O órgano instrutor, á vista do expediente e da documentación presentada na fase de alegacións, formulará proposta de resolución definitiva, debidamente motivada. Esta deberá indicar as solicitudes non admitidas a trámite, así como aquelas que son propostas de concesión (indicando a contía concedida) e de denegación (en cuxo caso indicárase o motivo da mesma).

Esta proposta de resolución definitiva notificaráse ás persoas interesadas que fosen propostas como beneficiarias, de acordo co previsto no artigo 26 da Lei Xeral de Subvencións e os artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que no prazo de dez días hábiles comuniquen a súa aceptación ou renuncia ao órgano instrutor. Transcorrido este prazo sen que se producise a aceptación expresa, a subvención entenderáse tacitamente aceptada.

Esta notificación colectiva realizaráse mediante anuncio público no taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica municipal do Concello e na web municipal.

13.3 O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor, no que farase constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que as persoas beneficiarias cumpren tódolos requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

13.4 As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito algún a favor das persoas beneficiarias propostas, fronte á Administración, mentres non se notificase a resolución da concesión.


VI. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN: RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E RECURSOS

Base 14. Órgano competente para a resolución do procedemento

O órgano competente para a resolución do procedemento será a Tenenta de Alcaldesa responsable da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación, por delegación da Xunta de Goberno Local.

Base 15. Resolución e notificación

15.1 Aprobada a proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento. O acordo de resolución da convocatoria incluírá, ademais da relación de solicitantes aos que se lles concede a subvención, unha relación ordenada de tódalas solicitudes non admitidas a trámite, así como aquelas que non sexan estimadas, con indicación da razón da denegación de cada unha delas, en función dos requisitos previstos nas bases da convocatoria.

<p>Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 10516I0YB0</p>	<p>CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA O ANO 2023. TRAMITACIÓN ANTICIPADA</p>
<p>Código de verificación</p>  <p>0G49 1N6U 3R71 465O 03F1</p>	<p>Expediente 105/2022/6348</p>	
	<p>Fecha 15-09-2022</p>	

Si algunha das persoas beneficiarias renunciase á subvención, o órgano concedente poderá acordar repartir o importe asignado inicialmente a eses beneficiarios entre o resto, até esgotar o importe máximo subvencionable. Esa cantidade suplementaria tramitarase como unha nova concesión.

15.2 A resolución do procedemento notificarase ás persoas interesadas, de acordo co previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, mediante a publicación na sede electrónica municipal no seguinte enlace: <https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>

A información tamén estará dispoñíbel na páxina web municipal (www.coruna.gal/servizossociais) e no teléfono de información cidadá 010 do Concello da Coruña.

O prazo máximo de resolución e notificación da concesión das subvencións é de seis meses, contados a partir da data do acordo de incoación. Dito prazo interromperase cando se trate da corrección de deficiencias e aportación de documentos, de acordo co previsto no art. 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

A concesión de subvención non xera dereito algún á percepción desta en futuras convocatorias.

Base 16. Recursos procedentes contra a resolución do procedemento

16.1 A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa.


16.2 Contra dita resolución caberá a interposición dun recurso contencioso-administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Porén, as persoas beneficiarias poderán, con carácter potestativo, presentar un recurso de reposición, ante o propio órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes. En cuxo caso, o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo empezase a contar desde a notificación da resolución expresa do recurso. No caso de desestimación presunta, que se producirá se no prazo dun mes non se resolve o recurso de reposición interposto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), a interposición do recurso contencioso-administrativo non está suxeita a prazo de caducidade (Sentencia do Pleno do TC 52/2014, de 10 de abril).

VII.OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Base 17. Obrigas das persoas beneficiarias

De acordo co artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e o artigo 34 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello de A Coruña, as persoas beneficiarias desta subvención estarán obrigadas a:

- a) Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar e adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

<p>Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 1051610YB0</p>	<p>CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA O ANO 2023. TRAMITACIÓN ANTICIPADA</p>
<p>Código de verificación</p>  <p>0G49 1N6U 3R71 465O 03F1</p>	<p>Expediente 105/2022/6348</p>	
	<p>Fecha 15-09-2022</p>	

- b) Comunicar por escrito e de forma motivada, no prazo máximo dun mes desde a notificación/publicación da concesión da subvención, calquera modificación dos datos identificadores do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos deste, para a súa aprobación.
- c) Proporcionar ao Departamento xestor e instrutor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos de seguimento, avaliación e planificación, así como facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias.
- d) Facilitar a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento, a través dos medios que se consideren máis adecuados.
- e) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados.
- f) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- g) Os demais deberes impostos pola Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, pola Lei Xeral de Subvencións, a Lei de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, a Ordenanza Municipal para a Igualdade na Diversidade e polas demais normas reguladoras da materia.

VIII. PAGO DAS SUBVENCÍONS

Base 18. Procedemento de entrega dos bono-taxis.

18.1 Os bono-taxis entregaranse en soporte papel, polo importe total da axuda concedida, e con importes de 0,50 €, 1,00 € e 3,00 €.

18.2 Poderán utilizarse desde o momento da entrega até o 31 de decembro de 2.023.


18.3 As axudas para transporte en taxi son persoais e intransferíbeis. Para favorecer o control das axudas:

- As persoas beneficiarias deberán facer constar a súa firma no bono-taxi.
- Os bono-taxis serán entregados pola persoa beneficiaria da axuda á persoa titular do taxi, debendo, ademais, exhibir o seu documento oficial de identificación.

18.4 A persoa beneficiaria da axuda deberá aboar o importe restante até a totalidade do servizo, resultante da diferenza entre o valor dos bonos empregados e o importe total facturado.

Base 19. Procedemento de pago da axuda

19.1 A concesión da axuda do bono-taxi con cargo a esta convocatoria implica a cesión do dereito de cobro ás persoas titulares de taxis ou aos seus representantes, polo que o pago das axudas practícarase efectivamente a estes por delegación. As/os taxistas, ou persoas físicas ou xurídicas que exerzan a súa representación, facturarán ao Concello de A Coruña o importe dos servizos prestados, acompañando os bonos recibidos. O pago delegado ao provedor do servizo en ningún caso supón a existencia dunha relación contractual co Concello.

<p>Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 10516I0YB0</p>	<p>CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA O ANO 2023. TRAMITACIÓN ANTICIPADA</p>
<p>Código de verificación</p>  <p>0G49 1N6U 3R71 465O 03F1</p>	<p>Expediente 105/2022/6348</p>	
	<p>Fecha 15-09-2022</p>	

Base 20. Comprobación das subvencións concedidas

20.1. O órgano concedente comprobará a apropiada utilización da subvención para a finalidade prevista nesta convocatoria.

20.2 O Concello da Coruña reservase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a utilización dos bonos é correcta. Por tanto, a persoa beneficiaria quedará obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

20.3 No caso de que os bonos efectivamente utilizados con cargo a esta convocatoria polos beneficiarios foran inferiores aos entregados e derivados da concesión para cada beneficiario, finalizada a vixencia do programa, a Xefatura de servizo competente realizará un informe de peche da convocatoria de cara a facilitar o subministro de información á Base de Datos Nacional de Subvencións, no que se recollerán os importes efectivamente gastados e outras incidencias que se consideren relevantes.


20.4 Información estatística adicional. En caso de que o Concello de A Coruña o solicite, as persoas beneficiarias das subvencións deberán aportar a información estatística que se lles requira sobre os resultados das actividades ou proxectos subvencionados. Estes datos poderán versar sobre os indicadores de avaliación que estableza o Concello de A Coruña para este efecto.

IX. REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

Base 21. Reintegro das subvencións concedidas

21.1 O Concello da Coruña obrigará ao reintegro total ou parcial do importe dos bonos utilizados e á devolución dos pendentes de uso, así como á reclamación dos intereses de demora correspondentes, a computar desde ó momento en que teñan lugar os respectivos pagos, sen prexuízo de quedar excluídos en futuras convocatorias, nos seguintes supostos, ademais dos casos indicados no apartado anterior:

- a) A falsidade dos documentos presentados ou as irregularidades de uso dos bonos entregados.
- b) Incumprimento total ou parcial dos obxectivos ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c) Incumprimento total ou parcial da obriga de xustificación, ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da Lei Xeral de Subvencións.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei Xeral de Subvencións, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos, nos termos que se establecen no artigo 45.5º da Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello de A Coruña.
- e) Calquera outra causa das previstas nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, e no artigo 45 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello de A Coruña.

<p>Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 10516I0YB0</p>	<p>CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA O ANO 2023. TRAMITACIÓN ANTICIPADA</p>
<p>Código de verificación</p>  <p>0G49 1N6U 3R71 465O 03F1</p>	<p>Expediente 105/2022/6348</p> <p>Fecha 15-09-2022</p>	

21.2 Así mesmo, procederase ao reintegro do exceso nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras Administracións públicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, a contía das subvencións ou axudas supere o coste total da actividade ou proxecto de que se trate. O reintegro do exceso farase a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. Con todo, cando sexa o propio Concello quen advirta o exceso de financiación, exixira o reintegro polo importe total do exceso, até o límite da subvención outorgada por el.

21.3. O procedemento para o reintegro será o establecido polos artigos 41 e 42 da Lei Xeral de Subvencións e 91 e seguintes do Regulamento Xeral de Subvencións.

Base 22. Renuncia ou desistencia

En calquera momento poderá a persoa beneficiaria desistir ou renunciar á súa concesión, sen prexuízo das responsabilidades ás que, nalgún suposto, houbera lugar, e sen prexuízo de que, producido xa o abono desta, deba procederse a súa devolución conforme ao procedemento de reintegro de subvencións citado.

Base 23. Infraccións e sancións

23.1 Constituirán infraccións en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e a súa normativa de desenvolvemento.

23.2 Poderanse impor as sancións tipificadas nos artigos 59 a 63 da Lei Xeral de Subvencións, axustándose ao procedemento sancionador previsto nos artigos 52 a 58 e 66 a 69 da citada Lei, e sendo o órgano competente para a súa resolución o mesmo órgano que ten atribuída a competencia para a resolución de concesión e abono das subvencións, é dicir, a Tenenta de Alcaldesa responsable da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación por delegación da Xunta de Goberno Local.


X. COMPETENCIA E RECURSOS

Base 24. Competencia e recursos

24.1 O acordo que se adopte é unha atribución da Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. Contra dito acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer de maneira potestativa recurso de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o adoptou, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Nos dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao de publicarse oficialmente o acordo de aprobación das bases no BOP.

24.2 Coa aprobación destas bases e a súa convocatoria autorízase e facúltase á Concellaría delegada de Igualdade, Benestar Social e Participación, como competente en materia de axudas sociais, para:

- Interpretar e desenvolver o establecido na presente convocatoria, así como para a corrección dos erros materiais, de feito ou aritméticos existentes na mesma, de acordo co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

<p>Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 10516I0YB0</p>	<p>CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA O ANO 2023. TRAMITACIÓN ANTICIPADA</p>
<p>Código de verificación</p>  <p>0G49 1N6U 3R71 465O 03F1</p>	<p>Expediente 105/2022/6348</p>	
	<p>Fecha 15-09-2022</p>	

- b) Ampliar o crédito destinado a dita convocatoria conforme ao previsto na base 4 das que rexen a convocatoria, sempre que exista crédito adecuado e suficiente.
- c) Realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para a execución e bo fin do acordado polas presentes bases de convocatoria.

XI. DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Base 25. Aceptación das bases reguladoras desta convocatoria

A participación nesta convocatoria supón a aceptación das súas bases reguladoras, tanto xerais como específicas.

Base 26. Información básica sobre protección de datos

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade do Concello da Coruña, co obxecto de xestionar o presente procedemento.

Co fin de facilitarlles ás persoas solicitantes o exercicio dos seus dereitos en relación cos datos persoais rexistrados para esta finalidade, facilítase a seguinte información:

Responsable do Tratamento: Concello de A Coruña, con dirección na Praza de María Pita número 1, CP 15001 A Coruña.


Delegado de Protección de Datos: Para calquera dúbida poderá dirixirse ao Delegado de Protección de Datos do Concello da Coruña, co que poderá contactar na dirección de correo electrónico delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal.

Lexitimación: A lexitimación para o tratamento dos datos persoais basease no consentimento outorgado e no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. O consentimento é revogábel, en todo momento, sen efectos retroactivos.

Destinatarias/os: Os datos poderán ser comunicados ás Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución do seu procedemento, ou por obriga legal.

Prazo de conservación: O Concello de A Coruña conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento de datos.

Dereitos: Teñen dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, así como opoñerse ou retirar o seu consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello da Coruña dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude

<p><i>Área / Unidad</i> ASISTENCIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p><i>Documento</i> 10516I0YB0</p>	<p>CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA O ANO 2023. TRAMITACIÓN ANTICIPADA</p>
<p><i>Código de verificación</i></p>  <p>0G49 1N6U 3R71 465O 03F1</p>	<p><i>Expediente</i> 105/2022/6348</p>	
	<p><i>Fecha</i> 15-09-2022</p>	

ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos nos termos que se establecen nos artigos 13, 14, 15 e 18 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

Base 27. Publicidade das subvencións no Portal de Transparencia

27.1 As subvencións e axudas públicas concedidas, con indicación do seu importe, obxecto ou finalidade e a persoa beneficiaria, serán obxecto de publicación no Portal de Transparencia do Concello de A Coruña, de acordo cos arts. 8.1.c) e 10 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información Pública e Bo Goberno.

27.2 Transmitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións a información requirida por esta, así como o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto para o Diario Oficial da Provincia da Coruña, en cumprimento dos arts. 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Base 28. Indicador Público de renda de efectos múltiples (IPREM)

Se na data de publicación desta convocatoria a Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023 non se atopa aprobada e publicada, o IPREM vixente entenderase como o correspondente ao ano 2022 (que ascende a 8.106,28 euros en cómputo anual) para todo o período de vixencia desta convocatoria.

Disposición Adicional

Dado que as presentes bases son obxecto de publicación en ambas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, en caso de discrepancia entre ambas versións a preponderante será a versión en lingua castelá.

A Coruña, na data de firma electrónica que consta no documento.

O Xefe de Servizo de Servizos Sociais

Conforme,

A Tenenta de alcaldesa responsable da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación